

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

As asas de ouro do castro de Candia

O castro de Candia está na parroquia de Candia, concello de Abadín (Lugo).

»Estaban rebando nun prado moita xente. Entonces, deixaron..., chegou a hora de come-la comida, e deixaron así clavado, bueno, un azadón ou o que fora. Deixárono clavado na terra e marcharon comer. E cuando viñeron de comer e empezaron a traballar, viña diante a criada da casa, que era unha tal Firmina, que era a criada dos da Nogueira, e colleu o graño aquel con que estaban sachando e sachou e sacou as asas de ouro que están no Museo de Madrid. E a ela sempre oín que lle deran de regalo, bueno, daquela xa venderan as asas en cino mil reás, daquela, e a ela que lle deran de regalo un pañuelo da cabeza».

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

ARQUIVO CHAIRA: Transcrición da versión oral de ADELA COIRA (61 anos), Os Castros, Candia. Marzo de 1993.

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín, Excma. Deputación Provincial de Lugo, 2004